



T: 341 981 56 97 46

Rúa do Horreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comis.ond.transparencia.gal

www.comis.ond.transparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:12:33


SAIDA 1390/22




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 195/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 29 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acceso á documentación recibida pola dita Consellería froito do contrato de servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia, formalizado coa Universidade de Santiago de Compostela o 15 de outubro de 2020.

O reclamante indicaba que non tivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de decembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de decembro de 2021.

Terceiro. Con data do 7 de xaneiro de 2022, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición, informando que con data do 22 de decembro de 2012, ditouse resolución da Dirección Xeral Patrimonio Natural pola que se denega o acceso á información.

Considera o informe que o obxectivo do contrato obxecto da solicitude de información é o de determinar o estado de conservación dos tipos de hábitat de turbeira e paraturbosos presentes en Galicia na Rede Natura 2000, e con especial referencia aos tipos de hábitat de interese comunitario e o obxectivo final deste contrato é o de definir as medidas de conservación para o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento nun estado de conservación favorable destes hábitats, así como o de deseñar un sistema de seguimento do seu estado de conservación, polo que se trata dunha información de carácter claramente ambiental relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

De acordo co anterior, considera que debe darse primacía á norma especial aplicable constituída pola Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, polo que de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, pola que debe inadmitirse a reclamación deducida ante a Comisión de Transparencia de Galicia, por incompetencia desa instancia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolveu dentro do prazo ordinario dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que procede admitir a reclamación presentada con data do 29 de novembro de 2021.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presentou reclamación ante a falla de resolución por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da súa solicitude de acceso á documentación recibida pola dita Consellería froito dun contrato de servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia, formalizado coa Universidade de Santiago de Compostela.

A Consellería, se ben non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que a Lei establece, ditou resolución expresa o 22 de decembro de 2021, unha vez que o interesado tiña presentado recurso ante esta Comisión, denegando o acceso á información solicitada, de conformidade co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente.

O obxecto do contrato sobre cuxo resultado se solicita a información, é a determinación do estado de conservación, o deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcarias e paraturbosos con especial referencia aos tipos de hábitat de interese comunitario (THIC) e en consecuencia, definir as medidas de conservación para o mantemento o, no seu caso, o restablecemento nun estado de conservación favorable destes hábitats, así como deseñar un sistema de seguimento do seu estado de conservación.

Como xa se sinalou en diversas resolucións desa Comisión, polo contido da información que se solicita, débese considerar, de acordo co informe e a resolución da Dirección Xeral Patrimonio Natural como información ambiental, polo que de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

O concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da

Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

De acordo co anterior, non cabe senón concluír que a información sobre a que se solicita o acceso, referida a informes sobre o estado de conservación, sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e zonas de especial protección para as aves (ZEPA), son materias que sen dúbida deben ser incluídas dentro do concepto de información ambiental do artigo 2 da citada Lei 27/2006, polo que deben ser tramitadas, como así foi, de acordo co procedemento establecido na mesma, incluíndo os procedementos de recurso, carecendo por tanto esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia, polo carácter ambiental da información que se solicita.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 29 de novembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acceso á documentación recibida pola dita Consellería froito do contrato de servizo coas Universidade de Santiago de Compostela para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.01.26 14:00:22 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.